

Hispania: conquista e romanización.

Coa integración no mundo romano, a Península Ibérica adquire por primeira vez unha certa unidade como entidade histórica. Malia a enorme diversidade do territorio peninsular, o termo Hispania, que comeza a ser utilizado polos romanos a comezos do século II a. C., impúxose axiña para referirse a el.

A incorporación do territorio peninsular foi o resultado dunha serie de campañas militares que se desenvolveron durante dous séculos (218-19 a. C.). Pero a dominación dos pobos prerromanos e a súa integración no mundo romano non foi só o resultado da imposición da forza militar senón tamén dun intenso e desigual proceso de aculturación das comunidades peninsulares denominado tradicionalmente romanización

A conquista romana.

No ano 218 a. C., un exército romano encabezado por Cneo e Publio Cornelio Escipión desembarcou en Emporion, colonia grega aliada de Roma, para cortar as subministracións (maiormente prata e homes) que estaba a recibir dende a Península o xeneral cartaxinés Aníbal no seu avance cara terras itálicas. Comezou daquela a conquista romana do territorio peninsular. Ao tempo que se producía o avance militar, púñanse en marcha a administración e explotación do territorio. Foi un longo proceso no que as intermitentes accións bélicas non excluiron nin o pacto con algúns pobos nin o recrutamento de mercenarios indíxenas. A conquista romana desenvolveuse ao longo de tres fases:

- 218-206 a. C.: mentres se estaba a desenvolver a II Guerra Púnica (218-201), as forzas romanas incorporaron toda a franxa mediterránea peninsular máis o curso baixo do Ebro e o val do Guadalquivir. A comezos do século II, tras consolidar o control desta zona, Roma ampliou o seu territorio cara o interior (A Mancha, o Sistema Ibérico, o tramo central do Ebro).
- 154-133 a. C.: a ampliación do dominio cara oeste atopou a forte oposición das tribos do interior (guerras celtíbero-lusitanas). As campañas tiveron un enorme custo humano en homes e recursos pero, finalmente, os exércitos romanos impuxéronse sobre os lusitanos, liderados por Viriato, no 139 a. C. e sobre os celtíberos, que opuxeron unha teimuda resistencia ata a caída de Numancia, no 133 a. C. Dez anos despois foron conquistadas as Illas Baleares. As guerras civís que caracterizaron o último século da República romana, das que a Península foi un importante escenario, causaron a suspensión do avance.
- 29-19 a. C.: diversas campañas militares, na última das cales chegou a participar persoalmente o propio emperador Octavio Augusto, conduciron á ocupación do norte peninsular tras a derrota de galaicos, cántabros e astures.



A romanización.

A conquista foi acompañada e seguida por un proceso de romanización dos territorios incorporados, isto é, da adopción polos pobos peninsulares das formas de organización política, os modos de vida e as

formas culturais emanadas de Roma. A intensidade deste proceso de aculturación foi desigual dependendo da situación xeográfica, do asentamento de colonos itálicos (soldados veteranos, funcionarios, colonos, comerciantes), da existencia de vías de comunicación (calzadas), eo apoio das elites locais, da difusión do uso do latín e da extensión dos dereitos de cidadanía. En xeral, foi máis intenso e temperán no litoral mediterráneo e vales do Ebro e do Guadalquivir e máis serodio e irregular no norte peninsular.

A organización político-administrativa.

Para asegurar o control da poboación, a recadación de impostos e a explotación dos recursos económicos, Roma estableceu unha trama administrativa na que podemos sinalar tres niveis fundamentais:

As provincias.

As provincias constituían o nivel superior da administración territorial romana. A súa creación foi unha resposta da República romana á necesidade de organizar os amplos territorios rapidamente conquistados desde mediados do século III. Á súa fronte colocábase un gobernador (*procónsul*, *pretor*, *legado*), designado por Roma, auxiliado por un consello. No ano 197 a. C., os territorios peninsulares sometidos a Roma ficaron divididos en dúas provincias: a *Hispania Citerior* e a *Hispania Ulterior*.

Baixo Octavio Augusto, no ano 14 a. C., a *Hispania Ulterior* foi dividida en dúas: a *Baetica*, con capital en Corduba, e a *Lusitania*, gobernada dende Emerita Augusta. Estableceuse así mesmo a distinción entre provincias imperiais (a *Hispania Citerior* ou *Tarraconensis* e a *Lusitania*) e senatoriais (*Baetica*).

No 212, o emperador Caracalla separou da *Tarraconensis* a *Gallaecia* (cap. Braccara Augusta). A completa reorganización da administración imperial promovida por Diocleciano creou no 297 a *diócese* de Hispania abranguíu seis provincias: *Baetica*, *Lusitania*, *Tarraconensis*, *Carthaginensis*, *Gallaecia* e, no norte de África, a *Mauritania Tingitana*. No 385 estableceuse a *Balearica*.

Os conventus.

Cada provincia romana abranguíu dende varios *conventus* xurídicos. Estas unidades administrativas, articuladas arredor dun núcleo urbano que lle daba nome, tiñan funcións relativas á administración de xustiza, a recadación fiscal e o recrutamento militar. Así, a *Gallaecia* estaba dividida inicialmente en tres

Evolución do mapa provincial da Hispania romana
191 a.C.



Hispania_1a_division_provincial.PNG: Hispaderivative work: Jkuchui, GPL, Wikimedia Commons

27 a.C.



Lucash (talk · contribs) [CC BY 3.0], Wikimedia Commons

297 d.C.



Rastrojo (D·ES) [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

conventus: o *Asturicensis* (cap. Asturica Augusta), o *Lucensis* (cap. Lucus Augusti) e o *Braccarensis* (cap. Braccara Augusta).

As civitates.

Cada *conventus* incluía diversas *civitates*. constituían a base do entramado administrativo romano. Incluían un centro urbano (*urbs*), dende o que se administraba un distrito (*territorium*). Inicialmente, as *civitates* presentaban estatutos xurídicos diversos que levaban aparellados uns dereitos e obrigas diferentes.

As privilexiadas comunidades de dereito romano e latino, *coloniae* e *municipia*, seguían na súa organización política o modelo da *civitas* romana: maxistraturas (duoviri, ediles), Senado ou Curia e Asembleas populares. As menos favorecidas *civitates* ou *populi* indíxenas mantiveron relacións diversas co poder romano (federadas, libres, estipendiarias) e conservaron durante algún tempo fórmulas políticas anteriores á conquista. A extensión dos dereitos de cidadanía á poboación libre, latina a finais do século I e romana a comezos do III, fixo que tales distincións fosen esvaecéndose.

A explotación económica.

No plano económico, as consecuencias da dominación romana foron tamén moi importantes para a Península Ibérica.

A integración no espazo comercial romano.

A existencia dun sistema monetario común, abastecido por numerosas cecas, a construción de infraestruturas de transporte terrestre (calzadas) e marítima (portos, faros) e as melloras nas embarcacións facilitaron a integración económica de Hispania no orbe romano.

Dende a Península saían metais (ouro, cobre, prata, chumbo, estano), produtos agrícolas (trigo, viño, aceite) e pesqueiros (salgaduras, *garum*) e algunhas manufacturas saían de Hispania. Produtos artesanais (tecidos, cerámica, bronce, vidro) constituían o principal capítulo das súas importacións.

A explotación mineira.

Roma aproveitou a xa coñecida riqueza mineira da Península e intensificou a súa explotación, para o que introduciu novas técnicas, caso da *ruina montium* empregada nas Medulas para a extracción de ouro.

As minas convertéronse en propiedade do Estado romano, que as explotaba directamente ou arrendaba a particulares. Escravos e traballadores libres asalariados formaban a man do obra. O ouro e o

Mapa das provincias e conventus durante o período altoimperial romano (ss. I-II a.C.)




NACLE, [CC BY-SA 4.0], Wikimedia Commons

Principais rutas comerciais romanas (s. II d.C.)



Adhavoc [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

Fresco dunha domus do porto de Ostia representando o transporte de gran no navío *Isis Geminiana*



[Dominio público], Wikimedia Commons.

estano da *Gallaecia*, a prata e o chumbo de Sierra Morena, o cobre de Río Tinto, o cinabrio de Almadén, etc. foron obxecto dunha extracción sistemática.

A actividade agraria.

O sector agrario experimentou importantes cambios. As terras dos pobos vencidos convertéronse tamén en patrimonio público (*ager publicus*). As mellores acabaron moitas veces en mans de familias aristocráticas. Deste xeito, aínda que sobreviviron pequenas explotacións e bens comunais, as grandes propiedades (*villae*) gañaron terreo. Introducíronse nestas numerosas innovacións: xeralizouse o uso do arado, introduciuse o barbeito, emprendéronse obras de regadío (encoros, canles) e avanzou a especialización en cultivos destinados ao mercado.

O mundo urbano.

A cidades e as actividades urbanas adquiriron un importante papel, polo menos ata o século III d. C. A administración e a explotación do territorio hispánico por Roma baseouse nun amplo sistema de cidades. Vellas colonias gregas (*Emporion*) e púnicas (Gades, Carthago Nova) e moitos antigos núcleos indíxenas formaron parte del, pero destacaron as novas fundacións (Tarraco, Emerita Augusta, Caesaraugusta, Hispalis, Lucus Augusti, Braccara Augusta, etc).

As cidades convertéronse non só en centros económicos e administrativos do territorio circundante senón tamén en focos de atracción cultural para as poboacións indíxenas. As calzadas que as unían aseguraron un sistema de transporte eficaz e rápido entre elas e contribuíron a reforzar a súa contribución ao proceso de romanización. Cando, dende o século III, esta rede de cidades deixou de funcionar, o Imperio romano entrou nunha fonda crise que remataría coa unidade do Imperio.

As transformacións sociais.

O influxo romano contribuíu á conformación dun novo modelo de organización social que presentaba os seguintes trazos:

- A introdución de **desigualdades xurídicas** baseadas na distincións entre **escravos** e **libres** e, dentro destes, entre **cidadáns** e **non cidadáns**. Esta última desapareceu formalmente cando, no ano 212, Caracalla concedeu a cidadanía romana a tódolos homes libres do Imperio.

Paisaxe das Medulas, resultante do emprego da ruína *montium* na explotación aurífera.



Rafael Ibáñez Fernández [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

Reconstrución da villa romana de Almenara de Adaja-Puras (Valladolid)



[CC BY-NC-SA 4.0], Romana Insolentia

Mapa das calzadas romanas en Hispania segundo o Itinerario de Antonino (s. III d.C.)



Redtomy [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

- A configuración dunha **ampla trama de vínculos clientelares** que conectaban aos notables hispanos coas grandes familias de Roma e que facilitou a integración das elites indíxenas.

Tratábase dunha sociedade moi desigual. Entre a poboación libre distinguíanse os **ordres superiores** (senadores, cabaleiros e decurións) e a **plebe** (pequenos comerciantes, artesáns, campesiños). A poboación dependente incluía **escravos**, **libertos** (antigos escravos liberados) e **colonos** (campesiños libres pero sometidos a relacións de dependencia persoal respecto aos propietarios das terras que cultivaban en arrendo).

No período baixoimperial (séculos IV e V),acentuouse a polarización social e as distincións xurídicas foron perdendo importancia. Foise asentando a distinción entre a minoría dominante de **honestiores** e a maioría explotada de **humilliores**.

Mudanzas culturais e artísticas.

Malia a importancia destes cambios, foi nos aspectos culturais e artísticos nos que o proceso de romanización cobrou máis visibilidade en Hispania.


- A **lingua latina**, espallada por soldados, comerciantes e funcionarios, acabou desprazando ás linguas indíxenas. Dela derivan tódalas linguas peninsulares agás o éuscaro.
- O **dereito romano**, promovido polo poder imperial, estendeuse por toda a Península. As súas normas non só regulaban as institucións públicas e a práctica política senón tamén as relacións privadas, substituindo as tradicións xurídicas indíxenas.
- No **eido relixioso**, aínda que as autoridades romana, toleraron os cultos locais, sobreimpuxeron o culto ao emperador e promoveron o panteón, sobre todo tríade capitolina (Xúpiter, Xuno, Minerva) e os ritos da relixión romana. Roma facilitou tamén a expansión de relixións orientais importadas por Roma como o mitraísmo ou, dende o século III, o mesmo cristianismo.
- No tocante ás **manifestacións artísticas**, triunfaron as formas e tipoloxías romanas. Dan bo testemuño os numerosos restos conservados de frescos, mosaicos, esculturas e edificacións, tanto públicas como privadas. Roma

Tábula de hospitalidade do Courel.



Luis Miguel Bugallo Sánchez (Lmbuga) [CC BY-SA 3.0] Wikimedia Commons

Lex Ursonensis (de Urso, actual Osuna)



Luis García [CC BY-SA 3.0], Wikimedia Commons

Ara da Domus do Mitreo (Lugo)




Quique Hervés [CC BY-NC-SA 3.0], Flickr

estendeu un novo tipo de cidade, de perímetro rectangular e trama hipodámica, e unha serie de construcións de carácter urbano: murallas (Lugo), acuedutos (Segova, Mérida), pontes (Alcántara), arcos triunfais (Bará, Medinaceli), teatros (Mérida, Sagunto), anfiteatros (Itálica), templos, termas (Lugo).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

- ALFEIRÁN, X. et al.: *Historia de España 2º Bach*, Vigo, Baía Edicións-Consorcio Editorial Galego, 2016.
- ALVÁREZ REY, L. et. al.: *Historia de España. 2ª Bacharelato*. Aula 3D, Barcelona, Vicens-Vives, 2016.
- BARCELÓ, P.; FERRER, J.J.: *Historia de la Hispania romana*, Madrid, Alianza Editorial, col. Libro de Bolsillo, 2016.
- BRAVO, G.: *Nueva Historia de la España Antigua. Una revisión crítica*, Madrid, Alianza Editorial, 2014.
- FERNÁNDEZ ROS, J.M et. al.: *Historia de España 2º Bachillerato*, Madrid, Santillana Educación, 2016.
- GIL ANDRÉS, C.: *50 cosas que hay que saber sobre Historia de España*, Barcelona, Editorial Ariel, 2016

A muralla romana de Lugo nun gravado do século XIX



(Muralla romana de Lugo.)

[Dominio público], Wikimedia Commons.

O acueduto romano de Segovia



Quique Hervés [CC BY-SA-NC 3.0]